

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE  
NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA  
CORPORACIÓN DA RTVG**

Día: 22.05.2019

Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 22 de maio de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

### **Punto 1. Comparecencia**

- 1.1 49837 (10/CPC-000106)  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, por petición propia, para presentar as contas anuais da CRTVG correspondentes ao exercicio 2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019*

### **Punto 2. Preguntas orais**

- 2.1 48402 (10/POC-007690)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis  
Sobre os datos referidos ao investimento publicitario levado a cabo no último ano pola empresa Ence na Corporación de RTVG  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019*
- 2.2 48760 (10/POC-007738)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles  
Sobre os datos relativos aos recursos interpostos pola Corporación de RTVG en relación coas sentenzas xudiciais referidas á súa política laboral  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019*
- 2.3 49409 (10/POC-007818)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio  
Sobre a xestión levada a cabo pola Dirección da CRTVG en relación coa cobertura da nova referida á concesión do X Premio José Couso de Liberdade de Prensa á plataforma en defensa da radio e televisión públicas da comunidade autónoma Defende A Galega  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019*



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2019

Aurelio Alfonso Núñez Centeno  
Presidente da Comisión

Aurelio  
Alfonso  
Núñez  
Centen  
o

Firmado  
digitalmente por  
Aurelio Alfonso  
Núñez Centeno  
Nombre de  
reconocimiento (DN):  
cn=Aurelio Alfonso  
Núñez Centeno,  
email=aurelio.nunez.  
centeno@parlament  
odegalicia.gal<sup>®</sup>  
Fecha: 2019.05.15  
10:43:23 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 15/05/2019 10:43:23



# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA DE CONTROL DA CORPORACIÓN DA RTVG

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Vicepresidenta	
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Secretaria	
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM

## Vogais

Raquel Arias Rodríguez	P
Noela Blanco Rodríguez	S
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Rosa Oubiña Solla	P
Olalla Rodil Fernández	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Julio Torrado Quintela	S

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1      49837(10/CPC-000106)


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral da Corporación Radio e Televisión de  
Galicia, por petición propia, para presentar as contas anuais  
da CRTVG correspondentes ao exercicio 2018

*Publicación da iniciativa, 476, 14.05.2019*


10/05 2019 13:47 FAX 00881541211

0001/0002



 XUNTA DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias

galicia



Trasládolle escrito do director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia no que solicita comparecer perante a Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Asinado por CAMARCA SESIÓNS ALVAREZ, BLANCA  
Corpo de Contables  
Data e hora: 10/05/2019 13:12:59

CVPE: c131bmem89  
Verificación: https://sede.sxg.gal/cvpe



Sr. presidente do Parlamento de Galicia

 Xacobeo 2021





**CRTVG** CORPORACIÓN  
RADIO E TELEVISIÓN  
DE GALICIA  
Dirección Xeral

entrada nº	saída nº
	023
data	09-MAI-2019

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

10 MAI, 2019

ENTRADA

Num. 186

#### SOLICITUDE DE COMPARECENCIA

Por medio da presente solicito a comparecencia diante da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia, aos efectos de presentar as Contas Anuais da Corporación RTVG, S.A. correspondentes ao exercicio 2018, en relación co sistema de gobernanza e rendición de contas establecido na Lei 9/2011, artigos 45 e 48.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2019.

O Director xeral da  
Corporación Radio e Televisión de Galicia

Asdo.: Alfonso Sánchez Izquierdo

**SRA. DIRECTORA XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS.  
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E  
XUSTIZA**

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.       Preguntas orais

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1      48402(10/POC-007690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os datos referidos ao investimento publicitario levado  
a cabo no último ano pola empresa Ence na Corporación de RTVG

*Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/04/2019 12:05:01  
Nº Rexistro: 48402  
Data envío: 01/04/2019 12:05:01.341

### Á Mesa do Parlamento

**Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre as insercións publicitarias de ENCE na CRTVG.

Nos últimos tempos a empresa Enerxía e Celulosa (ENCE) incrementou o seu investimento publicitario nos medios públicos galegos.

Este aumento nas insercións publicitarias tense producido tanto na radio coma na televisión e mesmo supuxo o uso de novos formatos, sirva de exemplo a publicidade integrada no programa Luar, algo que non é usual.



CSM: UNP/MyJyJ6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 01/04/2019 12:05:01  
Nº Rexistro: 48402  
Data envío: 01/04/2019 12:05:01.341

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG:

- Cal é o investimento publicitario que ten feito no último ano a empresa ENCE na CRTVG?
- Teñen aumentado en relación a anos anteriores?
- Canto representa no conxunto dos ingresos publicitarios da CRTVG?
- Cantas insercións ten contratado na Radio Galega? E na TVG?
- Cal é o prezo da publicidade integrada nun programa como o Luar?

Santiago de Compostela, 1 de abril de 2019

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**


**Montserrat Prado Cores**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 01/04/2019 12:05:01**  
**Nº Registro: 48402**  
Data envío: 01/04/2019 12:05:01.341

**Olalla Rodil Fernández na data 01/04/2019 12:03:19**

**María Montserrat Prado Cores na data 01/04/2019 12:03:24**

**Ana Pontón Mondelo na data 01/04/2019 12:03:26**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 01/04/2019 12:03:28**

**Noa Presas Bergantiños na data 01/04/2019 12:03:29**

**Xosé Luis Bará Torres na data 01/04/2019 12:03:32**

CSX L161PA7yJ6  
Verificado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2      48760(10/POC-007738)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre os datos relativos aos recursos interpostos pola  
Corporación de RTVG en relación coas sentenzas xudiciais  
referidas á súa política laboral

*Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/04/2019 17:50:59  
Nº Rexistro: 48760  
Data envío: 04/04/2019 17:50:59.298



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luca Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión de control da CRTVG**.

Ano tras ano, a xustiza leva desmontando o fraudulento sistema de contratación na Compañía Radio Televisión de Galicia. As últimas sentenzas, ratificadas xa polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, confirman o recoñecemento de indefinidade a 48 traballadores e traballadoras da compañía que foran cesadas trala discutida e discutible OPE do ano 2011, claramente insuficiente.

A pesar de que o TSXG xa fallou hai meses a favor dos traballadores cesados no seu día, confirmando a relación de indefinidade dos primeiros traballadores en pasar polos xulgados, a empresa segue recorrendo todas e cada unha das sentenzas botando man para iso de diñeiro público.

Ademais, durante meses negouse a executar as sentenzas e incorporar ao persoal á empresa, obrigando aos traballadores a pasar de novo polos xulgados para reclamar a execución da sentenza, tendo que asumir a CRTVG os seus salarios con retroactividade, malia estaren na casa sen prestar servizos á empresa pola negativa desta a comunicarlles a incorporación.

Todos, exemplos dunha política laboral asentada sobre a soberbia e o desacato aos fallos xudiciais que lle acaban supoñendo un desembolso moi importante ao erario público.

CSM - REXISTRO Nº 48760  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramiles/csv/>







Por estes motivos o Grupo Parlamentario de En Marea, presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1. A canto ascende o importe dos recursos xudiciais por parte da CRTVG e cantos levan gañados e perdidos nos últimos dous exercicios?
2. A canto ascende o gasto do orzamento xeral da CRTVG destinado a indemnizacións e outros gastos xudiciais derivados dunha política laboral fraudulenta nos últimos cinco anos?
3. Cal é o motivo para recorrer sentenzas de casos laborais idénticos cando xa saíron fallos do TSXG dándolle a razón aos primeiros traballadores en denunciar?
4. Por que a empresa se negou durante meses a executar sentenzas e reincorporar aos traballadores?
5. Hai nestes momentos algún traballador pendente de ser incorporado ao seu posto de traballo malia ter recoñecido este dereito por sentenza?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2019.

Asdo.: Ánxeles Cuña Bóveda

Luca Chao Pérez

Deputadas do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luca Chao Pérez na data 04/04/2019 17:23:31**



CSV REXISTRO Nº 48760

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/04/2019 17:50:59**  
**Nº Rexistro: 48760**  
Data envío: 04/04/2019 17:50:59.298



**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/04/2019 17:23:39**

CSX, REGISTRO Nº 48760  
Verificar  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa de Control da  
Corporación da RTVG

Día: 22.05.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.3      49409(10/POC-007818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio

Sobre a xestión levada a cabo pola Dirección da CRTVG en  
relación coa cobertura da nova referida á concesión do X  
Premio José Couso de Liberdade de Prensa á plataforma en  
defensa da radio e televisión públicas da comunidade autónoma  
Defende A Galega

*Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019*



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 24/04/2019 18:00:11  
Nº Rexistro: 49409  
Data envío: 24/04/2019 18:00:11.995

## Á Mesa do Parlamento

**Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Legislativa de Control da Corporación da RTVG**.

A radiotelevisión pública galega, vital para o mantemento do espazo público democrático, o reforzamento da identidade do pobo galego, e a promoción da nosa cultura e lingua, está a vivir un preocupante deterioro nos últimos anos, con graves consecuencias para o pluralismo ideolóxico e social. Acumula constantes queixas tanto do Comité Intercentros da CRTVG, como das forzas políticas da oposición, de manipulación informativa tanto na radio como na televisión de todos os galegos e galegas, nos diferentes telexornais que se emiten ao longo do día. Esta situación mesmo levou aos dous presentadores do Telexornal Serán, Alfonso Hermida e Tati Moyano, a presentar a súa dimisión en xuño deste ano, ao que hai que engadir a mobilización dos venres negros (que xa vai pola súa 48ª edición) polo cumprimento íntegro da Lei de medios públicos do 2011, a histórica manifestación que percorreu as rúas de Compostela o pasado 8 de setembro, os paros parciais do mes de novembro, e as dúas folgas de 24 horas dos días 19 e 22 de decembro.

O pasado 13 de abril o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e o Club de Prensa de Ferrol anunciaron a concesión do X Premio José Couso de Liberdade de Prensa, á plataforma en defensa da radio e televisión públicas da nosa comunidade autónoma, Defende a Galega. Un recoñecemento que saíu adiante por maioría suficiente, sen precisar o voto de calidade do xurado.

A nova do fallo, que tivo ampla cobertura en medios estatais e nacionais, ocultouse no resto dos espazos informativos da Radio Galega e tamén nos telexornais dese día da TVG, malia que tanto a radio como a televisión públicas cubriran a concesión deste galardón con total normalidade en anos anteriores.

O comité enmarcou este novo grave episodio de manipulación informativa “na estratexia de negación e menosprezo que está a seguir a dirección da CRTVG con respecto á plataforma Defende a Galega”, o colectivo de traballadores e traballadoras dos medios públicos que levan case un ano, denunciando a manipulación informativa e o desmantelamento da TVG e da RG vestíndose de negro cada venres.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTRO789KKGZS3  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 24/04/2019 18:00:11**  
**Nº Registro: 49409**  
Data envío: 24/04/2019 18:00:11.996

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En anteriores edicións dos Premios José Couso de Liberdade de Prensa, informaron os medios de comunicación públicos galegos de quen es eran os galardoados?
2. Por que ocultou a CRTVG a nova da concesión do X Premio José Couso de Liberdade de Prensa, á plataforma en defensa da radio e televisión públicas da nosa comunidade autónoma, Defende a Galega?
3. Deuse orde expresa á redactora encargada de elaborar os boletíns informativos da Radio Galega de non informar no espazo informativo das 13 h da concesión deste galardón ao colectivo “Defende A Galega”?
4. En caso afirmativo, cales foron os motivos desta decisión?
5. Considera que a cobertura da nova estivo á altura dun medio público como a RTVG?
6. Que opina de que se lle outorgase o X Premio José Couso de Liberdade de Prensa, á plataforma en defensa da radio e televisión públicas da nosa comunidade autónoma, Defende a Galega?
7. Considera que dende a dirección da CRTVG se está fomentando o diálogo cos traballadores e traballadoras, así como cos seus representantes sindicais?

Pazo do Parlamento, 24 de abril de 2019

**Asinado dixitalmente por:**

**Noela Blanco Rodríguez na data 24/04/2019 17:59:03**

**Julio Torrado Quintela na data 24/04/2019 17:59:09**



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es